

**E**n vísperas de celebrar o vinte aniversario da creación do Club de Prensa de Ferrol, sae do prelo un novo número da revista Ferrol Análisis, que comezou a súa andaina tres anos despois do nacemento do Club.

Ferrol Análisis naceu ligada a unha forte tendencia editora habida na cidade departamental, e é esta sensibilidade hacia as publicacións locais a que fai perdurar ao longo dos anos a nosa revista cun excelente estado de saúde, como o confirma a nómina de autores e a variedade de temas tratados en cada número.

Non obstante, Ferrol Análisis hai xa tempo que trascendeu os límites do local, pasando a ser considerada unha revista internacional non só polos contidos, con importantes aportacións de autores foráneos, senón pola demanda que desde fóra percibimos.

Esta resposta a cada edición de Ferrol Análisis é un motivo de orgullo para todos os que formamos parte do Club de Prensa, á vez que nos motiva a traballar con máis entusiasmo en cada número coa intención de estar á altura das esixencias dos nosos lectores. Sen caer na soberbia, pero tampouco sen pecar de falsa modestia, cremos que Ferrol Análisis 21 ofrece unha variedade de temas que, sen dúbida, suscitaran o interese dos habituais seguidores e tamén dos que se vaian incorporando á lectura desta publicación.

De cada un dos artigos recollidos na revista poderían facerse comentarios, o interese de cada un ben o merecería. O espazo limita, pero non quixera deixar de sinalar algúns que son significativos, por unha ou outra causa. Tal é o caso do novidoso traballo de investigación realizado por Julia M<sup>a</sup> Dopico

Vale e Jose Luis Mera Castro, que nos descubren a un descoñecido e interesante compositor cedeirés, Bernardo Freire, Dopico e Mera recuperan e prestixian un músico galego mesmo con aportación de obra manuscrita e inédita.

O monográfico deste número esta adicado ao aviador Ramón Franco, irmán do ditador Francisco Franco, que foi o primeiro en cruzar en avión o Atlántico Sur. No 2006 conmemorouse o 80 aniversario do voo do hidroavión Plus Ultra, que saíndo de Palos (Huelva) chegou a Bos Aires. Historicamente, a súa figura quedou no esquecemento pola triste notoriedade acadada polo seu irmán. Varios artigos indagan na memoria histórica, para non perder de vista O que fomos e o que pasou neste país. O europeísmo, as autonomías ou o existencialismo paséanse polas páxinas de Ferrol Análisis tratados por varios autores dunha forma que contribuen a formar pensamento de igual Xeito que o tema proposto no Cartulario, a eutanasia. A precisión dos puntos de vista aportados axudan a configurar un xuízo de valor propio nun tema tan controvertido como o da "boa morte".

E así como a música é a arte dos sons e dos silencios, é hora de calar para que vostede poida disfrutar da lectura dun novo número de FerrolAnálisis. Unha edición que cuidamos con mimo e que, esperamos, goce da benevolencia dos lectores e dos autores, sen esquecemos dos patrocinadores, sen os que sería imposible que este exemplar chegase as súas mans.

A todos, grazas.

María Ares Sanmartín